

Bases reguladoras dos IV Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña para o ano 2025 e se procede á súa convocatoria

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Financiamento	2
Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes	2
Artigo 4. Contía dos premios	3
CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación	3
Artigo 5. Presentación de candidaturas	3
Artigo 6. Prazo de presentación de candidaturas	3
Artigo 7. Comisión de Valoración	3
Artigo 8. Criterios de selección	4
Artigo 9. Proposta de resolución e resolución definitiva	4
CAPÍTULO III. Aceptación e pagamento dos premios	5
Artigo 10. Aceptación do premio e obrigas	5
Artigo 11. Pagamento do premio	5
CAPÍTULO IV. Protección de datos	5
Artigo 12. Protección de datos persoais	5
Disposición final primeira. Habilitación	6
Disposición final segunda. Recursos	6
Disposición final terceira. Eficacia	6
ANEXO I. Candidatura aos IV Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña	7
ANEXO II. Documento de aceptación ou renuncia aos IV Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña	8

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, xunto coa Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, pública a convocatoria dos IV Premios a Proxectos de innovación docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto destes premios é recoñecer e impulsar a calidade daquelas iniciativas de innovación docente que utilicen a metodoloxía da aprendizaxe-servizo dentro do marco curricular da Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Financiamento

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 0901 321A 48102, por un importe total de 3000 €.

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderá participar nestes premios o persoal docente da UDC que cumpra os seguintes requisitos:

a) Percibir as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC.

b) Presentar proxectos que se aprobasen nalgunha das dúas últimas convocatorias de certificación de proxectos de aprendizaxe-servizo (2022/23 e 2023/24), que publicou a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI).

2. Só poderán optar aos premios aqueles proxectos que non resultasen gañadores noutras convocatorias de premios da UDC.

3. Os proxectos que se presenten identificaranse con algunha destas modalidades:

a) Modalidade A. Sustentabilidade e concienciación medioambiental

Proxectos que promovan o respecto polo medio ambiente, a economía circular ou que procuren un equilibrio entre o desenvolvemento económico e a protección do entorno natural.

a) Modalidade B. Sensibilización e educación para a cidadanía global

Proxectos que teñan como obxectivo fomentar unha conciencia crítica e formar persoas responsables e activas, dispostas a construír unha nova sociedade civil solidaria, tanto no norte coma no sur.

b) Modalidade C. Redución das desigualdades

Proxectos que busquen mellorar a situación socioeconómica, cultural ou emocional dunha comunidade, grupo social ou colectivo en situación de vulnerabilidade. Se inclúen tamén nesta categoría os proxectos relacionados coa diversidade e a discapacidade, que promovan os principios de inclusión e de igualdade de

oportunidades.

Artigo 4. Contía dos premios

Establécense os seguintes premios por cada modalidade de participación:

- Modalidade A. Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo en Materia de Sustentabilidade e Concienciación Medioambiental (patrocinado pola Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desarrollo Sostenible)

1.º premio: 600 €

2.º premio: 400 €

- Modalidade B. Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo en Materia de Sensibilización e Educación para a Cidadanía Global

1.º premio: 600 €

2.º premio: 400 €

- Modalidade C. Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo en Materia de Redución das Desigualdades (patrocinado pola Cátedra de Empresa Familiar)

1.º premio: 600 €

2.º premio: 400 €

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 5. Presentación de candidaturas

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa candidatura conforme o anexo I.
2. As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (Oficina de Cooperación e Voluntariado), e presentaranse a través do Rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

Artigo 6. Prazo de presentación de candidaturas

1. O prazo de presentación de candidaturas comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board?page=2) e finalizará o 10 de maio de 2025 ás 23:59h

Artículo 7. Comisión de Valoración

1. As candidaturas serán avaliadas por unha Comisión de Valoración externa (en adiante, Comisión) formada por persoas especialistas en aprendizaxe-servizo:
 - Alexandre Sotelino Losada. Universidade de Santiago de Compostela
 - Almudena Alonso Ferreiro. Universidade de Vigo
 - José Benito Pérez López. Director da Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desarrollo Sostenible
 - María Berta Rivera Castiñeira. Directora da Cátedra da Empresa Familiar

– Ana Lampón Gude. Solidariedade Internacional de Galicia

2. A Comisión terá acceso á documentación e ás memorias dos proxectos que se presentaron nas distintas convocatorias de certificación de proxectos de aprendizaxe-servizo da UDC.

Artigo 8. Criterios de selección

1. A selección dos proxectos farase tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Aprendizaxe: existencia dunha vinculación estreita entre as aprendizaxes adquiridas, o currículo académico e o servizo realizado.

b) Necesidade atendida: o proxecto dá resposta a unha necesidade auténtica e debidamente xustificada.

c) Participación activa do estudantado: o alumnado está implicado en todas as fases do proxecto, desde a identificación das necesidades ata o deseño do proxecto, desenvolvemento e avaliación final.

d) Reflexión: o proxecto contribúe a fomentar a reflexión e o pensamento crítico no estudantado.

e) Colaboración entre entidades receptoras e promotoras do servizo: o proxecto ten en conta as necesidades das entidades receptoras e desenvólvese cun enfoque comunitario e de reciprocidade.

f) Envergadura do proxecto: avalíase a cantidade de estudantado e persoas destinatarias implicadas, así como a duración do proxecto.

g) Impacto na contorna e sensibilización/concienciación social da comunidade sobre o tema que se traballa no proxecto.

h) Proxección: valórase a posibilidade de que o proxecto se consolide, continúe no tempo e poida expandirse a outras materias e entidades receptoras.

i) Identificación coa liña temática da convocatoria: o proxecto está directamente relacionado cunha das liñas temáticas desta convocatoria.

j) Actos e actividades de comunicación e difusión: realización de encontros, eventos, etc., ou actividades de comunicación e difusión do proxecto a través de redes sociais, webs, publicacións, relatorios ou pósteres en congresos, divulgación científica etc.

2. Cada un dos criterios anteriores poderá sumar un máximo dun dez por cento sobre a valoración total.

Artigo 9. Avaliación, proposta de resolución e resolución

1. Una vez que remate o prazo de presentación de candidaturas, a Comisión avaliará os proxectos e elixirá as seis mellores propostas, conforme ao que establece o artigo 8, e publicará unha proposta de resolución das persoas gañadoras no TEO da UDC, abríndose un prazo de dez días hábiles, para presentar alegacións a través do Rexistro electrónico da UDC.

2. Unha vez que a Comisión resolva as alegacións, remitirá ao/á vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a proposta de resolución.

3. O/a vicerreitor/a ditará a resolución da convocatoria no TEO da UDC. Contra esta resolución, que pon fin ao procedemento administrativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Alternativamente, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO III. Aceptación e pagamento dos premios

Artigo 10. Aceptación do premio e obrigas

1. As persoas premiadas deberán enviar a súa aceptación ou renuncia ao premio (anexo II) de acordo coas instrucións que se lles faciliten cando reciban a notificación por correo electrónico.

2. A aceptación do premio implicará o compromiso de cumprir todas as condicións que se establecen nesta convocatoria. Así mesmo, as persoas gañadoras deberán asistir á cerimonia de entrega do premio, que se celebrará como parte do 10º aniversario da aprendizaxe-servizo na UDC, o vindeiro 12 de xuño de 2025 no Campus de Ferrol.

Artigo 11. Pagamento do premio

1. Tras a aceptación do premio pola persoa seleccionada, realizarase o pagamento mediante transferencia bancaria á conta onde se lle ingrese a nómina, coa retención do IRPF que corresponda.

2. No caso de que o proxecto fose realizado por varias persoas, o importe do premio dividirase entre elas a partes iguais. As cantidades se ingresarán por transferencia bancaria nas súas respectivas contas bancarias, coas retencións do IRPF que correspondan.

CAPÍTULO IV. Protección de datos

Artigo 12. Protección de datos persoais

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a

responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: Rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

2. Solicitar un destes premios implica aceptar o contido desta resolución e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para conceder os Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprarán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no TEO da UDC segundo o disposto na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria quedará publicada no lugar indicado. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase ao/á vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para ditar instrucións, completar esta resolución e interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.

Disposición final segunda. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición, ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición final terceira. Eficacia

Esta convocatoria producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

ANEXO I. Candidatura aos IV Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña

DATOS PERSOAIS		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI:	Correo electrónico:	
Centro da UDC ao que pertence:		

DATOS DO PROXECTO
Nome do proxecto que presenta aos premios:
Liña temática da convocatoria (marque só a que corresponda): ☐ Sustentabilidade e concienciación medioambiental ☐ Sensibilización e educación para a cidadanía global ☐ Redución das desigualdades
Curso/s académicos en que se desenvolveu:
Convocatoria/s en que se certificou o proxecto:
No caso de participar varios/as docentes, incluír aquí os seus datos (apelidos e nome, DNI e enderezo electrónico):

DIFUSIÓN E PROXECCIÓN DO PROXECTO
Actos efectuados en relación co proxecto (encontros, festas, entrega de diplomas etc.):
Actividades de comunicación e difusión do proxecto (redes sociais, webs, publicacións, relatorios ou pósteres en congresos, divulgación científica etc.)

Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no artigo 12 desta convocatoria.

A Coruña/Ferrol, de de 20....

(sinatura da/s persoa/s solicitante/s)

VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL
OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

ANEXO II. Documento de aceptación ou renuncia aos IV Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña

D./Dña., con DNI.....
pertencente a Facultade/Escola de

☐ ACEPTO o IV Premio a Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo e a cantidade que se me concedeu, e comprométome a cumprir todas as condicións e obrigas que se establecen nesta convocatoria.

☐ RENUNCIO ao IV Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo que se me concedeu.

Motivo da renuncia:

.....
.....
.....
.....
.....

A Coruña/Ferrol, de de 20....

(sinatura)

VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL
OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO